

NOTIFICACIÓN

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 03 de xuño de 2024, adoptouse o seguinte acordo:

“10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE APARELLOS ELEVADORES E PORTAS AUTOMÁTICAS E MOTORIZADAS DO CONCELLO DE FERROL (AVH 03008 20/06) E ACORDOS COMPLEMENTARIOS. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024017215). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Contratación, que textualmente di:

“ANTECEDENTES

I.- Por Decreto do Alcalde Presidente de data 14.05.2021 adxudicouse a contratación administrativa número AVH 03008 20/06 correspondente á prestación do Servizo de mantemento de aparellos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol á empresa TK ELEVADORES ESPAÑA S.L.U (B-46001897) na **cantidade total de 36.990,28 €/ano** (importe sen IVE 30.570,48 €/ano; IVA (21%): 6.419,80 €/ano) máis a *cantidade variable correspondente ó importe máximo que poderá ser obxecto de facturación en concepto de reparacións ou modificacións dos aparellos excluídas da consideración de todo risco e que ascende á cantidade máxima de 10.000,00 €/ano (IVE incluído)*; un tempo de resposta para atender as avarías fóra da xornada habitual, con independencia do tempo de rescate, dun cuarto de hora (0,25 horas); coa adscrición á execución do contrato de 3 vehículos de transporte CERO ou ECO e a implantación dun sistema informático de control e seguimento, tipo GMAO, que permita coñecer o estado dos aparellos, os movementos realizados e das incidencias producidas en cada aparato, con aviso de avaría e con capacidade de xestión ou acceso dende dispositivos móbiles e de sobremesa.

No mesmo acordo nomeouse responsable do contrato ao enxeñeiro municipal don Alberto Castro Rascado para os efectos do disposto no artigo 62.1 LCSP.

II.- Con data 16.06.2021 formalizouse o correspondente contrato administrativo cunha duración inicial de dous (2) anos prorrogables anual mente ata un máximo de dous (2) anos máis.

III.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.12.2022 aprobouse, consonte o disposto nos artigos 203 e 204 LCSP e apartado 23 do Anexo I do PCAP, a 1ª modificación do contrato do Servizo de mantemento de aparellos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol (AVH 03008 20/06) adxudicado a TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U con CIF B-46001897, consistente na inclusión do ascensor do polideportivo de Esteiro na relación de ascensores a manter con efectos dende o 1.01.2023, **fixando como novo prezo do contrato a cantidade de 37.498,05 €/ano (21% IVE engadido).**

A modificación do contrato formalizouse en documento administrativo en data 27.12.2022.

IV.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20.03.2023 aprobouse a 1ª prórroga do contrato por un período de un ano a contar dende o 17.06.2023, nas mesmas condicións establecidas no contrato de data 16.06.2021 modificado en data 27.12.2022, con estrita suxeción ao estipulado nos pregos que rexen esta contratación e ás condicións ofertadas polo adxudicatario.

V.- Con data 20.05.2024 o concelleiro delegado da área de Medio Ambiente, Servizos, Zona Rural e Obras remitiu ao servizo de Contratación a solicitude de realización dos trámites necesarios para a aprobación da 2ª prórroga do contrato por un ano máis, acompañando a documentación correspondente que foi completada en data 22.05.2024.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Normativa aplicable

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), regula no seu **artigo 29** a duración e prórroga dos contratos, sinalando no seu **apartado 2** que “O contrato poderá preveer unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen perxuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei. A prórroga se acordará polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza a lo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rixa o contrato se estableza un maior” e no seu **apartado 4** sinala que “Os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas que en aplicación do apartado segundo deste artigo acorde o órgano de contratación, respectando as condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante”.

Segundo o disposto na estipulación terceira do contrato asinado o 16.06.2021:

“Prazo do contrato: dous (2) anos, a contar dende o día seguinte á formalización do contrato en documento administrativo.

Prórrogas: O contrato poderá prorrogarse anualmente ata un máximo de dous (2) anos máis, conforme ó especificado no artigo 29.2 da LCSP, sen que a duración total incluídas as prórrogas poida exceder de 4 anos (2+1+1).

As prórrogas acordaranse polo órgano de contratación antes do remate da vixencia do contrato e serán obrigatorias para o empresario, sen que en ningún caso poidan producirse por consentimento tácito das partes”.

II.- Procedemento

Consonte o estipulado na cláusula 9 do PCAP “A prórroga se acordará polo órgano de contratación e será obrigatoria para a empresa contratista, **sempre que se preavise con, a lo menos dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato**, salvo que o apartado 7 do Anexo I estableza un prazo de preaviso maior. A prórroga non se producirá, en ningún caso, por acordo tácito das partes”. De acordo co sinalado no apartado 7 do Anexo I ao PCAP o contrato será “Prorrogable anualmente ata un máximo de dous anos, consonte o especificado no artigo 29.2 LCSP, sen que a duración total incluídas as prórrogas poida exceder de 4 anos (2+1+1)”. **Non se prevé un prazo de preaviso distinto ao fixado na LCSP.**

A aprobación da prórroga do contrato irá precedida de informe da persoa responsable do contrato en relación á correcta e satisfactoria execución da prestación así como á

inexistencia de incidentes na execución e/ou imposición de penalidades e informe do Servizo de contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención municipais.

Con data 7.05.2024 o enxeñeiro municipal responsable do contrato emite informe favorable á prórroga do contrato nos seguintes termos:

“1. O contrato de mantemento de aparellos elevadores actualmente en vigor asinouse en data 16 de xuño de 2021 por dous anos inicialmente, e con posibilidade de prórroga por outros dous.

2.O importe de adxudicación foi inicialmente de 30.570,48 €/ano sen IVE (36.990,28 c/IVE). Este importe foi revisado en data 27 de decembro de 2022, por inclusión do aparello instalado no polideportivo de Esteiro, de tal xeito que á data, o importe do contrato ascende á cantidade anual de 30.990,12 €/ano sen IVE (37.498,05 c/IVE).

3. Aprobouse unha primeira prórroga por un ano 2023-2024.

4. Ata a data os servizos foron correctamente prestados e conformes coas condicións establecidas no contrato, podendo cualificar a prestación como moi boa.

5. O PPT establece a posibilidade de aprobar unha prórroga por dous anos (1+1). O contrato admite, logo, unha segunda prórroga por outro ano adicional. Proponse, polo tanto, prorrogar un ano máis o contrato.

6. Á vista do anterior, proponse aprobar a prórroga solicitada do contrato a partir do vencemento do actual período.

7. A distribución de anualidades prevista para o contrato, a salvo de regularizacións ou modificacións futuras é a que se indica na seguinte táboa:

ANO	Contrato/ mes	meses	Total fixo	Variable	SUMA	IVE	TOTAL	Redonde o
2024	2.582,51 €	6,47	16.708,84 €	4.455,92 €	21.164,76 €	4.444,60 €	25.609,36 €	25.609,37 €
2025	2.582,51 €	5,53	14.281,28 €	3.808,54 €	18.089,82 €	3.798,86 €	21.888,68 €	21.888,68 €
		TOTA L	30.990,12 €					47.498,05 €

Con data 20.05.2024 a xefa de sección da área xestora emite informe favorable á prórroga do contrato conformado pola xefa de servizo da área en data 22.05.2024 no que se conclúe:

“(…) Primeira.- Figura no expediente escrito do contratista, de data 13 de maio de 2024, no que manifestan a súa conformidade coa prórroga obxecto do presente informe.

Considerando que se cumpren os requisitos previstos na cláusula Terceira do contrato formalizado con este concello, tanto pola duración das prórrogas, como o consentimento expreso da mercantil adxudicataria do servizo, compre

informar que procede iniciar o procedemento da última prórroga do contrato suscrito coa empresa TK ELEVADORES ESPAÑA SLU, polo período dun ano, período que comezaría o 17 de xuño de 2024.

Segunda.- Os costes deste período de prórroga, ao abeiro do informe técnico transcrito, suporían as seguintes cantidades, IVE incluído:

Año 2024: 25.609,37 €

Año 2025: 21.888,68 €

Coste total prórroga: 47.498,05 €”

Con data 20.05.2024 o concelleiro delegado da área promotora asina providencia de incoación do expediente de prórroga do contrato AVH 03008 20/06.

En cumprimento dos requisitos para a prórroga do contrato previstos no artigo 29.4 LCSP e apartado 7 do Anexo I do PCAP, consta no expediente escrito de preaviso asinado polo Alcalde-Presidente de data 7.05.2024 no que se comunica a intención de proceder á prórroga do contrato; escrito da contratista de data 13.05.2024 (nº rexistro 2024028460) no que manifesta a súa conformidade á prórroga do contrato; certificado de cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coas obrigas de Seguridade Social de datas 1.04.2024 e 6.05.2024 respectivamente; certificado de inexistencia de débedas pendentes con Concello de Ferrol de data 15.05.2024 e certificado de inscrición do Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia (nº 3369), polo que se cumpren os requisitos para proceder á prórroga do contrato.

Por outra banda, atendendo ao obxecto do contrato, enténdese que existen razóns de interese xeral para continuar a tramitación do procedemento e aprobar a prórroga do contrato, constando no expediente os informes favorables á prórroga asinados polo responsable do contrato en data 7.02.2024 e pola xefa de sección da área xestora en data 20.05.2024 conformado pola xefa de servizo en data 22.05.2024.

Os gastos derivados da presente prórroga imputaranse á aplicación orzamentaria 03007 1522 21300 na que existe crédito adecuado e suficiente no exercicio 2024 (RC nº 224102870) consonte o desglose proposto polo servizo xestor, debendo habilitarse crédito adecuado e suficiente na vindeira anualidade.

O acordo de prórroga deberá ser aprobado antes da finalización do prazo de vixencia do contrato que remata o 16.06.2024.

III.- Órgano competente

A competencia para a aprobación da presente prórroga corresponde á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, en virtude do disposto na DA 2ª.4 da LCSP e no acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.12.2023 (BOP nº 241 de 20.12.2023). A aprobación irá **precedida dos informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais** (DA 3ª da LCSP, apartados 3 e 8).

Visto o expediente instruído e a documentación que o integra, unha vez emitidos os preceptivos informes favorables da Asesoría Xurídica e da Intervención Municipais, **proponse ao concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación a elevación á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación competente, da seguinte proposta:**

Primeiro.- Aprobar a 2ª prorroga do contrato do **Servizo de mantemento de aparellos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol (AVH 03008 20/06)** adxudicado á empresa TK ELEVADORES ESPAÑA S.L.U (B-46001897) polo período de un ano a contar dende o 17.06.2024, nas mesmas condicións establecidas no contrato de data 16.06.2021 modificado en data 27.12.2022, con estrita suxeción ao estipulado nos pregos que rexen esta contratación e ás condicións ofertadas polo adxudicatario.

Segundo.- Comprometer o gasto correspondente á 2ª prorroga do contrato por importe de 47.498,05 € (21% IVE engadido) e imputalo á aplicación 03007 1522 21300 do orzamento municipal consonte o desglose estimado proposto polo servizo xestor do contrato:

ANO 2024	ANO 2025
25.609,37 €	21.888,68 €

Terceiro.- Incorporar este acordo de prorroga como Anexo ao contrato número 2113 de data 16.06.2021, modificado en data 27.12.2022, correspondente ao Servizo de mantemento de aparellos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol (AVH 03008 20/06).

Cuarto.- Consonte o disposto na cláusula 42 e no apartado 27 do Anexo I do PCAP, o contratista deberá remitir ao negociado de Servizos a documentación acreditativa da prorroga anual da póliza de seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros derivados da execución do presente contrato, cun capital mínimo asegurado de 600.000,00 €, xunto co xustificante de pago da prima correspondente”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

No Concello de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

O Concelleiro Secretario da XGL

D. Javier Pastor Díaz Mosquera